

proceso **adiante**



Relanzar o proxecto nacionalista

Encontro aberto en Catalunya

27 de abril ás 18:00

Casa Pili, Barcelona.

Asistencia: 10 persoas (4 simpatizantes)

Duración: 120 minutos

Modelo: Dinámica participativa con moderador, tempo ultralimitado, moitas quendas e papel de estraza.

Debatiuse sobre o primeiro bloque dos aprobados pola Asemblea Nacional do BNG: Radiografía da Galiza de hoxe

Identificáronse tres problemáticas principais:

- Rede clientelar
- Falta de investimento en I+D+i e formación
- Organización territorial do País

-Rede clientelar

Consensuouse que tendo en conta os motivos socioeconómicos estruturais, a falta de mobilización, activismo social e dunha educación aberta no tocante as cuestión políticas xeran un caldo de cultivo idóneo para a perpetuación destas prácticas en distintos eidos, como pode ser a Deputación de Ourense e as súas prácticas caciquís.

Para poder afrontar esta cuestión precísanse mudar as prácticas e un cambio de imaxe político que amose a capacidade de xerar alternativas viábeis a esa situación, e que nos dote da credibilidade social precisa para a construción dun tecido asociativo non necesariamente partidario pero imprescindible para blindar a sociedade diante da consolidación destas redes mafiosas, tendo en conta que o catalizador deste movemente ten que ser urbano máis no cultural que no estrictamente xeográfico.

-Falta de investimento en I+D+i e formación

Identifícanse distintas prioridades a hora de suplir tanto as carencias obxectivas –os 3.400 millóns de euros que descendeu o investimento en ciencia-, como a falta de eficiencia do xa existente, comezando pola falta dunha rede de universidades galegas ou dunha Lei de Ciencia que regule e programe estratexicamente o referente a este eido chave do desenvolvemento de calquera País; baixo este marco tense que crear unha bolsa de proxectos pública.

Amais, se pretendemos xerar un sistema real de transferencia do coñecemento temos que xerar clústers como no caso de Mondragón que permitan reinvestir esa formación na Galiza. Asemade téñese que repensar todo o modelo universitario incidindo na especialización dos centros, evitando duplicidades e indo cara un sistema que se ben non ter porque unificar todas as universidades, ten que basarse na colaboración e planificación conxunta das prioridades no ensino e das metodoloxías a aplicar para que se fagan realidade.

-Organización territorial do País

Chámase a ser innovadoras e buscar a funcionalidade da organización territorial que aplique o principio de subsidiariedade como empoderamento das persoas de todas as comarcas sen nengunha clase de excepción. Baixo estas premisas teríanse que eliminar intermediacións sen lóxicas, como as que suponen as deputacións ou as mancomunidades, para camiñar cara un modelo dual entre as cidades -onde sí terían sentido outra clase mecanismos até supracomarcais- e o resto do País cun modelo territorial baseado na parroquia e na comarca como motores sociais.

O éxito deste novo modelo –conclúese- reside na necesaria coordinación entre as comarcas mantendo sempre unha visión de País, que se traduciría a nivel competencial por exemplo na xestión nacional do referente ao urbanismo.

Vindeiro encontro

A participantes no encontro decidiron facer unha nova convocatoria no mesmo lugar para o sábado 7 de maio, para seguir avanzando nos outros dous bloques de debate que restan por debater.